

CURSO DE VERÁN 2010 DE LINGUA E CULTURA GALEGAS PARA ESTRANXEIROS. UNIVERSIDADE DE VIGO

VIGO-ALLARIZ, do 5 ao 26 de xullo de 2010

VIGO: do 5 ao 16 de xullo - ALLARIZ: do 16 ao 26 de xullo

Nivel elemental: **20 prazas**

Nivel intermedio: **15 prazas**

A Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo convoca por terceiro ano os cursos de verán de lingua e cultura galega para estranxeiros. Impartirase un curso elemental e outro intermedio en Vigo (Galicia costeira) e Allariz (Galicia interior), para que o alumnado teña un coñecemento completo da nosa realidade natural e cultural.

Prezo do curso: 90 €

Haberá **25 bolsas de 450 €** cada unha para os mellores expedientes entre os inscritos.

As excursións e visitas culturais e o traslado Vigo-Allariz do día 16 corren a cargo da organización.

Lugar de impartición dos dous cursos

Do 5 ao 16 de xullo: Fac. de Filoloxía e Tradución (Campus de Vigo).

Do 16 ao 26 de xullo: Biblioteca e Centro Social de Allariz.

Aloxamentos en Vigo e Allariz

Contamos cunha ampla oferta de aloxamentos en Vigo (residencias universitarias, pisos compartidos etc.) e Allariz (hoteis, hostais e bungalows). Ás persoas matriculadas en firme faremoslles chegar as nosas suxestións para faceren as reservas.

Horario de clases

De luns a venres entre 9.30-13.30 horas e 16.00-17.30 horas. Os días 5, 6, 7, 8, 9, 12, 13, 14, 15 e 16 en Vigo e os días 19, 20, 21, 22, 23 e 26 en Allariz.

(Nesta altura do ano a noite non cae ata as 22.15 horas, despois das clases aínda quedan cinco horas de luz solar).

Profesoras

Silvia Penas e Elvira Riveiro, licenciadas en Filoloxía Galega polas universidades de Vigo e Santiago de Compostela, con ampla experiencia en docencia de lingua e cultura galegas para non-galegos.

**CURSO DE VERÁN PARA ESTRANXEIROS.
VIGO-ALLARIZ, 5-26 de XULLO de 2010**

PROGRAMA DE EXCURSIÓNS E VISITAS CULTURAIAS

<http://www.turismodevigo.org> e <http://www.allariz.com>

				Venres 3	Sabado 4
					Baiona, A Guarda, Tui e Petróglifos do Val Miñor
Luns 6	Martes 7	Mércores 8	Xoves 9	Venres 10	Sábado 11
Museo de Castrelos		Península do Morrazo		Pontevedra Combarro	
Luns 13	Martes 14	Mércores 15	Xoves 16	Venres 17	Sábado 18
		Traslado a Allariz. Museos de Allariz		Museo Liste e Mosteiro de Oseira	Canóns do Sil
Luns 20	Martes 21	Mércores 22	Xoves 23	Venres 24	Domingo 26
Castro de S. Cibrao de Las		Celanova e Bande		Ecoespazo do Rexo	Santiago de Compostela
Luns 27					
Remate do Curso					

- **Baiona-A Guarda-Tui:** paisaxe, praias, castros e arquitectura medieval.
- **Petróglifos do Val Miñor:** visita guiada polo arqueólogo Xosé Lois Vilar.
- **Museo de Castrelos:** arqueoloxía e pintura.
- **Península do Morrazo:** paisaxe, praias e castros.
- **Pontevedra-Combarro:** arquitectura urbana nobre e popular, paisaxe.
- **Museos de Allariz:** museos do muíño, do xogete, do coiro...
- **Museo Liste e Oseira:** etnografía e arquitectura neoclásica e barroca.
- **Canóns do Sil-As Médulas:** paisaxe e historia.
- **Castro de San Cibrao de Las:** historia e arqueoloxía prerromana.
- **Celanova e Bande:** arquitectura prerrománica.
- **Ecoespazo O Rexo:** ecoloxía e arte actual.
- **Santiago de Compostela:** a cidade universal: arte, arquitectura, historia e vida.

Nota: este programa pode sufrir modificacións de último momento.

**CURSO DE VERÁN PARA ESTRANXEIROS.
ALLARIZ, 5-26 de XULLO de 2010**

CONFERENCIAS E ENCONTROS CON PERSOEIROS

ACTUACIÓNS MUSICAIS

				Venres 3	Sabado 4
				Xosé Lois Vilar	Orquestra do Batallón
Luns 6	Martes 7	Mércores 8	Xoves 9	Venres 10	Sábado 11
	Ana Iglesias		Anxo Angueira		
Luns 13	Martes 14	Mércores 15	Xoves 16	Venres 17	Sábado 18
	Gonzalo Navaza		Iván Area		Ultreia
Luns 20	Martes 21	Mércores 22	Xoves 23	Venres 24	Domingo 26
	Luz Méndez	Leo de Matamá	Antón Dobao	Festa popular	

Orquestra Nacional do Batallón: informal grupo de folk moderno composto por membros de diversos grupos consagrados de folk galego.

Ultreia: obradoiro de música tradicional. Nas súas actuacións chegan a tocar ata medio cento de instrumentos diferentes.

Leo de Matamá: cantautor punk provocador e reivindicativo.

Xosé Lois Vilar: “Prehistoria e arqueoloxía galegas”

Ana Iglesias: “Panorama sociolingüístico da Galicia actual”

Anxo Angueira: “A literatura galega actual”

Gonzalo Navaza: “Onomástica e toponimia galegas”

Iván Area: “A música galega, onte e hoxe”

Luz Méndez: “Medios de comunicación en galego”

Antón Dobao: “O audiovisual en galego”

Nota: este programa pode sufrir modificacións de último momento.